



---

## Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Facultade de CC. Económicas e Empresariais

Data de aprobación: 16/10/2023

---

## 1 Índice

---

- 2 Presentación
- 3 Ficha básica do PAT do centro
- 4 Obxectivos xerais
- 5 Principios de actuación do PAT
- 6 Axentes implicados
  - 6.1. Equipo decanal/directivo
  - 6.2. Comisión de calidade do centro
  - 6.3. Coordinación do PAT-ANEAE/Persoa coordinadora do PIUNE e profesorado titor
  - 6.4. Persoas titoras: titores/as xerais do PAT-ANEAE e titores/as do PIUNE
  - 6.5. Estudantado titor
  - 6.6. Estudantado
- 7 Organización xeral
- 8 Metodoloxía
- 9 Plan de tutorización PAT-ANEAE
- 10 Calendario

## 2 Presentación

O Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT- ANEAE) da Facultade de CC. Económicas e Empresariais recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración de todo o alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas. As accións específicas de apoio educativas que sexa necesario implantar para atender as necesidades do alumnado integraranse neste mesmo plan, buscando a completa sistematización e normalización de actuacións integrais nunha ferramenta única, completa e heteroxénea.

A implantación deste modelo de PAT-ANEAE supón superar o modelo especificamente académico, só preocupado pola transmisión de coñecementos, e apostar por un modelo educativo no que conflúen ademais funcións socioeducativas e integradoras baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc. Apóstase, en definitiva, polo desenvolvemento persoal e a integración do alumnado con necesidades específicas. Ademais, ambas as dimensións inciden dunha forma directa no desenvolvemento académico e no éxito profesional.

Esta ferramenta consolida unha liña de acción titorial coerente coas necesidades do alumnado, que normaliza as distintas accións co obxectivo de acadar un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no actual marco de educación superior.

O Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo apunta directamente cara á garantía e á adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, á adquisición de competencias do alumnado, á atención á diversidade, á orientación cara á aprendizaxe etc., recollidos dunha forma ampla tanto nas memorias dos títulos coma no sistema de garantía de calidade do centro e vertebrados, e tamén a través do Programa de atención ás necesidades específicas de apoio educativo ou programa equivalente que o substitúa ou inclúa.

## 3 Ficha básica do PAT do centro

Ámbito de aplicación

Todas a titulacións do centro de grao e de mestrado:

- Grao en Administración e Dirección de Empresa
- Grao en Economía
- Mestrado en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa
- Mestrado en Economía
- Mestrado en Finanzas
- Mestrado en Técnicas Estatísticas
- Mestrado en Xestión do Desenvolvemento Sostible

Persoa ou persoas coordinadoras do PAT-ANEAE

**Coordinador/a PAT Graos:** Coordinadora de Calidade do centro:  
María Xosé Vázquez Rodríguez ([maxose@uvigo.gal](mailto:maxose@uvigo.gal))

Coordinadores Mestrados:

- MAiE: Tony Crespo ([tcrepo@uvigo.es](mailto:tcrepo@uvigo.es))
- Mestrado Economía: ([egimenez@uvigo.es](mailto:egimenez@uvigo.es))
- Mestrado Finanzas: Francisco Rodríguez de Prado ([fprado@uvigo.es](mailto:fprado@uvigo.es))
- Mestrado Técnicas Estatísticas: Leticia Lorenzo Picado ([leticialorenzo@uvigo.es](mailto:leticialorenzo@uvigo.es))
- MXDS: Rocío Rodríguez Daponte ([rocio@uvigo.es](mailto:rocio@uvigo.es))

---

## 4 Obxectivos xerais

---

O PAT da Facultade de CC. Económicas e Empresariais pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Establecer un sistema de información, orientación e canalización socioeducativa para os alumnos/as das titulacións do centro mediante a asignación dunha persoa titora.
- Implantar un sistema de información para todo o estudiantado sobre o funcionamento do centro.
- Motivar unha participación activa de todo o alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.
- Incentivar a participación en programas de mobilidade, así como noutras actividades de carácter específico ou transversal que complementen a súa formación universitaria.
- Ampliar a información sobre as saídas profesionais relacionadas coas ensinanzas do centro. Este obxectivo ten especial relevancia no caso dos mestrados.
- Garantir o desenvolvemento das accións determinadas dentro do Programa de atencións ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado do centro inscrito nel. A persoa ou persoas coordinadoras do PAT-ANEAE manterán unha comunicación directa coa UNATEN (Unidade de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo) e trasladaranlle ao profesorado e ás persoas titoras (se os houbese) a programación de actividades que se van desenvolver e/ou as adaptacións acordadas para garantir a atención á diversidade e á igualdade de oportunidades deste alumnado. As adaptacións estableceas a COATEN (comisión técnica de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo) no marco do desenvolvemento do programa.
- Axudar o alumnado nas situacións persoais que dificulten o seu desenvolvemento normal da actividade académica informándoo dos servizos da universidade que poden atender á súa situación específica.
- Empregar o PAT como unha forma máis de obtención de datos e de valoración sobre o propio desenvolvemento e a mellora da calidade da titulación.

---

## 5 Príncipios de actuación do PAT

---

Os seguintes principios constitúen as bases éticas e legais fundamentais de actuación para os distintos implicados no desenvolvemento do PAT:

- Príncipio de privacidade e de confidencialidade. A información non ha de saír das canles e dos procedementos estritos para os que se xera e, polo tanto, será privada, confidencial e, en todo caso, conforme a lei.
- Respecto aos dereitos do estudiantado, segundo as normas da Universidade de Vigo.
- Coordinación e colaboración entre os distintos axentes participantes no PAT.
- Optimización dos recursos disponibles do centro e da universidade.
- Elaboración de documentos escritos que permitan a posterior análise, valoración de resultados e a mellora do proceso.

## 6 Axentes implicados

### 6.1 Equipo decanal/directivo

O equipo decanal/directivo participa no deseño do PAT-ANEAE, pero a súa función fundamental está ligada á promoción e ao desenvolvemento deste.

Este enviará, para que a aprobe a Xunta de Centro ou Comisión Permanente, a proposta documental do PAT, así como os criterios de titorización, e se procedese, e os criterios de asignación do estudiantado titorizado.

Velará polo cumprimento das accións acordadas e impulsará, xunto coa comisión de garantía de calidade, as melloras oportunas á vista dos resultados obtidos.

### 6.2 Comisión de garantía de calidade

Como principal órgano de seguimento da calidade no centro, deberá analizar os informes parciais ou finais que lles entreguen as persoas coordinadoras do PAT-ANEAE ou calquera axente implicado e determinar as accións de mellora oportunas no funcionamento. Deberá velar porque o procedemento de orientación ao estudiantado e a atención ás necesidades específicas de apoio educativo do sistema de calidade do centro cumpra os requisitos e estea permanentemente actualizado.

### 6.3 Coordinación do PAT-ANEAE

No ámbito da FCCEE actuará como persoa coordinadora do PAT a persoa que ocupe o cargo de Coordinador/a de Calidade.

O equipo decanal poderá determinar en cada curso académico si a persoa titora do PIUNE é a mesma que a que se encarga do PAT ou ben é outra distinta. Para o curso 2023-2024, a persoa titora do PIUNE será a Vicedecana de Relacions Institucionais Josefina Lucy Amigo Dobaño ([lamigo@uvigo.es](mailto:lamigo@uvigo.es)).

As persoas responsables do PAT-AENAE serán tamén responsables da xestión da recollida da información relevante que permitirá o correcto seguimento de todo o plan e facilitarán a súa mellora continua.

A Información (accións, incidencias, resultados) relevante recollerase nun Informe Final que será analizado e validado pola Comisión de Calidade do Centro ao remate de cada curso académico.

## 6.4 Persoas titoras: Do PAT-ANEAE en xeral e específicos para a atención ás necesidades específicas de apoio educativo-ANEAE

O labor de titoría susténtase no establecemento dun vínculo académico particular entre os titores/as e o alumnado titorizado. Trátase dunha relación que permitirá coñecer o estudantado noutras facetas distintas da netamente docente, posto que se lle vai aconsellar e orientar noutros aspectos da súa vida académica. Esta relación está baseada, fundamentalmente, en principios de confianza, comunicación e respecto entre ambas as partes.

O tutor ou a tutora PIUNE (ou programa equivalente) se fora necesario, será o tutor ou tutora que acompañará a unha alumna ou a un alumno con necesidades específicas de apoio educativo do centro inscrito no PIUNE, acompañándoo en todo o proceso de integración e coordinando e trasladando ao profesorado implicado as medidas, accións ou ferramentas que debe ter en conta no desenvolvemento da docencia cara a integración do alumnado e co obxectivo de que se garantan os seus dereitos e poida acadar con éxito os obxectivos académicos.

A necesidade de nomear un ou varios titores/as PIUNE virá determinada pola análise da COATEN e a UNATEN cada curso académico, tras o análisis das situacións, características e necesidades do alumnado do centro inscrito no PIUNE.

### Funcións do/s tutor/es/as do PAT-ANEAE

As funcións básicas da persoa tutora (ou persoas tutoras) serán as seguintes:

- Aconsellar o alumnado na toma de decisións académicas de acordo cos seus criterios, gustos, preferencias etc.
- Orientar na solución das dúbidas e dos inconvenientes burocráticos que poidan atopar no marco do curso académico.
- Transmitir a información precisa sobre os servizos e as actividades realizadas no centro e na Universidade de Vigo e que poidan ser do interese do grupo de estudiantes.
- Informar e fomentar a participación do estudantado nos órganos colexiados do centro e da universidade, nas actividades que se desenvolvan no centro e mesmo no propio PAT-ANEAE e, en xeral, na vida universitaria.
- Recomilar a información necesaria para desenvolver as actuacións do PAT-ANEAE relativas ao seu grupo de alumnado.

- Rexistrar a información de acordo co establecido para a súa posta a disposición da coordinación do PAT-ANEAE e da dirección do centro.
- Asistencia ás reunións organizativas e ao desenvolvemento do PAT-ANEAE ao que sexa convocado pola coordinación do PAT e/ou a dirección do centro.

## Titoras e tutores do PIUNE (ou programa equivalente)

As funcións básicas da persoa titora PIUNE axustaranse ao disposto no Regulamento de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo.

- Acompañamento, asesoramento e axuda directa ao alumnado PIUNE que titoriza.
- Actuará de interlocutor/a entre a coordinación do PAT-ANEAE e o profesorado no desenvolvemento das accións ou das adaptacións acordadas para o desenvolvemento do proceso de ensinanza/aprendizaxe.

## 6.5 Criterios de selección de persoas coordinadoras e de persoas titoras

Os criterios de selección e nomeamento das persoas coordinadoras e persoas titoras no centro estableceos o equipo decanal/directivo en coordinación coa comisión académica de mestrado no ámbito de aplicación dos mestrados.

## 6.6 Estudiantado titor

A figura do estudiantado titor resulta importante desde dúas ópticas diferentes. Por unha banda, a interacción con outro alumnado de cursos superiores facilita a integración do estudiantado de novo ingreso en todos os aspectos da vida académica. A relación entre o propio alumnado permite unha comunicación horizontal más próxima e espontánea.

Por outra banda, e non menos importante, é a experiencia formativa que adquire o propio alumnado titor, que se converte en axudante doutros e doutras estudiantes.

As funcións do estudiantado titor son:

- Informar o grupo de alumnado correspondente das actividades, servizos, iniciativas, programas etc., ofertados polo centro e pola universidade.
- Participar na acollida e na integración do alumnado de novo ingreso e do estudiantado alleo procedente de programas de mobilidade.
- Colaborar activamente nas reunións organizadas dentro da planificación do PAT-ANEAE.
- Colaborar na realización de informes e enquisas de satisfacción ligadas ao PAT-ANEAE.

## 6.7 Estudantado

Está formado polas persoas destinatarias do PAT-ANEAE. A elas diríxense as actuacións programadas co último fin de favorecer a consecución das súas metas académicas e persoais ligadas á etapa universitaria.

## 7 Organización xeral

Tanto a estrutura do PAT coma o deseño de actividades deben someterse á validación da comisión de calidade do centro e aprobarse na Xunta de Centro.

Ao inicio do curso académico informarase aos distintos implicados do PAT-ANEAE da distribución definitiva de cada grupo de alumnado/persoa titora asignada e, de ser o caso, o titor/a PIUNE-alumno/as. Publicarase tamén o calendario (data, hora e lugar) das distintas accións e calquera outra información relevante para o desenvolvemento do PAT-ANEAE.

O centro poderá vertebrar accións titoriais a través de plataformas virtuais e sesións en liña.

## 8 A metodoloxía

A pedagoxía actual asenta as súas bases nos principios da interactividade e da construtividade, concedéndolle ao alumnado o protagonismo da súa aprendizaxe, onde o rol do titor/a é de mediador/a e de facilitador/a.

Polo tanto, para realizar eficazmente o traballo de titoría, emprégase unha metodoloxía flexible para adaptarse ás diferentes estratexias de aprendizaxe, á diversidade do alumnado e, por suposto, ás súas necesidades específicas de apoio educativo.

Preténdese que sexa o alumnado, baixo a supervisión e a axuda do titor/a, quen asuma a responsabilidade na toma de decisións. O titor/a configúrase como un mediador/a que intenta favorecer:

- A integración do alumnado na vida universitaria e nos procesos de formación.
- A aprendizaxe autónoma do alumnado e a toma de decisións.
- O axeitado desenvolvemento curricular do estudantado.

Tanto no deseño coma na planificación e na implantación do plan é imprescindible a cooperación e a coordinación de todos os axentes que participan nel, e tamén é necesaria a colaboración doutros servizos da Universidade de Vigo.

Con este método de traballo preténdese contribuír ao reto iniciado co espazo europeo de educación superior de desenvolver unha educación superior baseada en competencias.

---

## 9 Plan de titorización PAT-ANEAE: ORIENTA-T

---

### 9.1 Actuacións de titorización xerais para todo o alumnado do centro

---

#### 9.1.1 Actuacións de acollida e de presentación do PAT ANEAE

No acto de benvida o equipo decanal/directivo do centro recibe o alumnado de novo ingreso dos graos e as persoas responsables dos mestrados, o alumnado que inicia estudos de mestrado. Entre a información que se lle ofrece ao alumnado neste acto inclúese:

- Información xeral dos estudos.
- Guías docentes.
- Importancia do PAT-ANEAE.
- Canles, instrumentos e ferramentas de participación do alumnado na toma de decisiones e mellora do centro e das titulacións (enquisas, canle de QSP, órganos de participación...).
- Convídanse as persoas de servizos relevantes como o Servizo de Deportes, biblioteca, Oficina de Relacións Internacionais, extensión cultural, SIOPE...
- Información sobre o PIUNE (ou programa equivalente).

#### 9.1.2 Acto de presentación ao alumnado de 2.º, 3.º e 4.º de grao e de 2.º de mestrado (de ser o caso)

Neste acto, a persoa coordinadora do PAT-ANEAE, e as de mestrado informan, sobre o desenvolvemento do curso. Tamén se potencia a participación nos programas de mobilidade e de voluntariado. Lémbrese a importancia de que participen nos órganos de decisión do centro e da universidade, e tamén nos distintos procesos de avaliación da satisfacción, xa que constitúen dous instrumentos fundamentais para a mellora. Tamén se responden dúbdidas ou cuestións que formulen os estudiantes.

Nos último curso de grao e de mestrado infórmase brevemente sobre o TFG e o TFM, respectivamente.

### 9.1.3 Ciclo de conferencias, seminarios e xornadas

Trátanse de accións formativas organizadas desde o centro e que complementan a formación das alumnas e alumnos de graos e de mestrados. Permitenlle ao estudiantado participar en contextos de aprendizaxe distintos á aula para potenciar a motivación e mellorar a integración nas titulacións e no centro, e mesmo mellorar a súa información sobre o mercado laboral e o emprego.

## 9.2 Actuacións de titorización para o alumnado dos graos

### 9.2.1 Actuacións de carácter formativo

No caso de que os árganos determinen a súa necesidade poderán desenvolverse Cursos Cero

Está destinado ao alumnado de primeiro curso e pretende facilitar o cambio que sempre supón para o estudiantado o tránsito da etapa de bacharelato á universidade. O seu obxectivo prioritario é potenciar o rendemento académico nas materias con maior dificultade a través do afianzamento de coñecementos e de competencias que na etapa universitaria resultan de máxima importancia para acadar os logros establecidos. A participación será de carácter voluntario.

### 9.2.2 Actuacións de apoio e de seguimento

Estas accións esténdense ao longo de todos os estudos de grao e supón apoiar e asesorar o alumnado na planificación do seu currículo (itinerarios, optatividade, prácticas, mobilidade...). Tamén supón orientar o alumnado sobre actividades extracurriculares e sobre as cuestións relacionadas co rendemento académico.

Poderanse establecer reunións específicas iniciais e introductorias sobre aspectos relacionados coa orientación profesional, organizando con outros servizos da universidade talleres ou seminarios específicos. Para o alumnado de cuarto curso organizarase unha sesión específica para tratar de forma ampla o desenvolvemento do traballo de fin de grao (TFG).

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo manterá sesións de seguimento coa persoa titora que teña asignada.

No desenvolvemento das accións de apoio e de seguimento tamén pode colaborar o alumnado titor previamente seleccionado, tras recibir a información e a formación necesaria que deberá determinarse no marco do propio PAT-ANEAE.

Cada titor ou titora asesorará o seu alumnado ao longo de todo o curso académico mediante a programación de reunións anuais co seu grupo de estudiantes. O alumnado titor poderá participar nas reunións. En todo caso, no marco de acción do PAT-ANEAE, estableceranse explicitamente as actividades desenvolvidas por cada un deles.

O estudiantado poderá solicitar unha reunión co seu titor/a coa finalidade de concretar a data e a hora para a súa formalización. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos, e nos casos que sexa necesario de forma individual. Para facilitar o seguimento poderán empregarse, segundo o criterio das persoas titoras, unhas fichas de seguimento das reunións cos tutelados/as (véxase o anexo III).

## 9.3 Actuacións de titorización para o alumnado dos mestrados

A planificación das accións específicas de cada mestrado depende das características da titulación e do perfil do alumnado e do profesorado.

### 9.3.1 Actuacións de carácter formativo

#### Accións de nivelación

Están destinadas ao alumnado de novo ingreso no mestrado e o seu obxectivo é ofrecer información, documentación e ferramentas complementarias que lle permitan acadar o nivel de partida necesario para afrontar os estudos con garantías. É especialmente relevante nos mestrados que presentan perfís de acceso de alumnado diversos e diferenciados con competencias e coñecementos moi heteroxéneos vinculados a estudos de grao de ramas, ámbitos ou especialidades distintas. A participación nestas accións terá carácter voluntario por parte do alumnado.

### 9.3.2. Orientación profesional específica

A oferta de accións de orientación profesional ao alumnado de mestrado é especialmente relevante porque, en moitas ocasións, este nivel académico é o paso previo que anticipa a súa entrada no mercado laboral e, polo tanto, é un momento chave no seu posterior desenvolvemento profesional. Neste bloque inclúense:

- Foros de emprego.
- Visitas a entidades/empresas relevantes.
- Conferencias a cargo do alumnado ingresado no mestrado.
- Sesións ou obradoiros organizados en colaboración coa Unidade de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo sobre:
  - Deseño do currículo e da carta de presentación
  - Técnicas activas de busca de emprego
  - A entrevista de traballo
  - Autoemprego e emprendemento
  - Rede Eures/mobilidade laboral en Europa

As accións que se determinen deben publicarse nun calendario, coa antelación suficiente e de forma visible e accesible na web do centro para garantir a máxima difusión e acadar a máxima participación.

---

## 10 Confidencialidade e Protección de datos

---

### 10.1. Deber de confidencialidade

---

Os axentes implicados no PAT-ANEAE: equipo decanal/directivo, membros da Comisión de Garantía da Calidade, Coordinadores, persoas titoras xerais, persoas titoras do PIUNE ou programa equivalente, estudiantado titor e resto de alumnado e empregados públicos que participen do PAT-ANEAE están suxeitos as condicións e requisitos establecidos pola normativa para o cumprimento do deber de confidencialidade, e en especial conforme ao artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os axentes implicados no PAT-ANEAE manterán no máis estrito segredo profesional toda a información confidencial que poida chegar ao seu coñecemento como consecuencia do desenvolvemento das súas funcións ou actividades asignadas, comprometéndose a non divulgala, publicala, cedela, revelala nin poñela a disposición de terceiros. A duración desta obriga é de carácter indefinido e manterase en vigor con posterioridade á finalización destas actividades.

O incumprimento deste deber supón a transgresión da boa fe e a posibilidade de incorrer en responsabilidades.

### 10.2. Información sobre protección de datos de carácter persoal

---

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados polo alumnado e profesorado participantes do Plan de Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo PAT-ANEAE, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de ofrecer una orientación axeitada e atender as súas necesidades específicas de apoio educativo. e amparados pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e a súa normativa de desenvolvemento

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumplir coa citada finalidade e conservaranse durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da citada finalidade e do tratamento dos datos.

O alumnado, os titores/as ou os profesores/as e o resto de participantes neste plan teñen dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oponse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir a dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal).

Así mesmo, se esta solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## 11 Avaliación

A avaliación do PAT-ANEAE concíbese como un proceso de recollida e de análise de información relevante que achega datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produtos).
- A idoneidade dos medios e dos recursos empregados para obter os citados resultados (proceso).

Os datos da avaliación constituirán un elemento para reflexionar que contribuirá a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral. Constitúe unha ferramenta esencial, xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomndo durante a planificación, o desenvolvemento e a súa finalización.

As principais fontes de datos serán:

- Documentación do PAT (fichas, anotacións, incidencias) recollida nun informe final do PAT-ANEAE que se presentará ao final de cada curso académico.
- As enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado.
- Enquisas específicas (se as houbese).
- Outros datos do impacto do PAT-ANEAE (número de actuacións, participación, asistencia, solicitudes do estudiantado...).

## 12 Cronograma de desenvolvemento do PAT-ANEAE: ORIENTA-T

<b>Plan de acción titorial e atencións ás necesidades específicas de apoio educativo PAT-ANEAE</b> <b>Curso: 2023/2024</b>		
<b>Accións para o alumnado do centro</b>		
Actividade	Pessoas destinatarias	Data, hora e lugar
Acto(s) de acollida	Alumnado de 1.º de grao e 1.º de mestrado	Inicio de curso (setembro)
Acto(s) de presentación	Alumnado de 2.º, 3.º e 4.º de grao e de 2.º de mestrado	Inicio de curso (setembro)
Ciclo de conferencias, seminarios, talleres programados...	Todo o alumnado do centro	Pendente de fixar
<b>Accións para o alumnado das titulacións de grao</b>		
Actividade	Pessoas destinatarias	Data, hora e lugar
Accións de apoio e de seguimiento		Pendente de fixar
<b>Accións para o alumnado das titulacións de mestrado</b>		
Actividade	Pessoas destinatarias	Data, hora e lugar
Actividades de nivelación		Pendente de fixar
Actividades de orientación profesional		Pendente de fixar